


Banda Deseñada

Novidades, Maio 2006

Biblioteca Pública da Coruña “Miguel González Garcés”

Expómos unha relación das novidades en banda deseñada (comics) que se recibiron na biblioteca durante o mes de maio. Todas estas novidades poden atoparse na Sala de empréstimo de adultos, no primeiro andar da Biblioteca. Inclúese a súa signatura, para facilitar a localización.




“Hermoso mar de la China” de Jacques de Loustal e JeanLuc Coatalem


Duas historias que teñen en común as viaxe por mar, nuns cruceros que teñen unha posta en escena elegante e misteriosa como requiren os guións de suspense e con toques de humor negro que fan rematar as historias dun xeito sorprendente. Sign.: COM LOU her

“Cumpleaños turbulento” de Nabil Kanan

Un analista político que traballa para o candidato a alcalde de Londres vive nas aforas, nunha pequena vila inglesa coa súa muller e dous fillos. Os conflitos sociais provocados pola presenza de persoas de raza xitana, os problemas coa filla adolescente e as ideas do candidato a favor dunha lei do solo moi conservadora, fan aflorar lembranzas no protagonista da súa mocidade como profesor universitario preocupado por unha política igualitaria e xusta. O deseño é simple e a estrutura narrativa rixida e efectiva. Sign: COM KAN cum.




“Belo Horizonte”, de Miguelanxo Prado.



Non se trata propiamente de banda deseñada, pero é un relato ilustrado que narra a historia dun enxeñeiro de minas que por negocios percorre a cidade de Belo Horizonte, onde coñece unha loira que o atrae misturándose na fantasía


e a máxia da cidade até non saber diferenciar a realidade do tempo imaxinado. “as imaxes son o decorado desa historia”. As ilustracións, acuarelas que mostran diversos recunchos da cidade, máis ou menos turísticos pero todos impregnados de serenidade e beleza. Sign.: COM PARA bel



“Vida de perros” de Manu Larcenet


Unha nova historia ucrónica de Larcenet correspondente á serie de aventuras rocambolescas. Desta volta, despois do volume adicado a Van Gogh na primeira guerra mundial, o protagonista é Sigmund Freud trasladado ao Oeste americano, onde intenta poñer en práctica as súas teorías cos vaqueiros. Obra moi divertida e cun deseño expresivo con moitas semellanzas cos dos volumes da serie da

Mazmorra na que tamén colabora. Sign.: COM LAR vid




“Yo soy legión. 1. El fauno danzante” de Fabien Nury e John Cassaday.

Historia ambientada na segunda guerra mundial, cun carácter fantástico. Os nazis intentan conseguir unha raza superior con poderes paranormais, mentres a resistencia e o servizo secreto británico intentan transmitir esa información. Obra con características formais moi cinematográficas e deseño realista. Sign.: COM NUR yos



“Tecnopadres 6” de Jodorowsky e Janjetov

Jodorowsky e Janjetov seguen coa saga futurista ambientada no mundo dos videoxogos. Albino, o actual Tecnopadre supremo intenta rematar cos impedimentos que ten para fundar unhanova sociedade noutra Galaxia. Mentres repasa parte das súas memorias. Sign.: COM JOD tec 6



“Cara de luna El huevo del alma” de Jodorowsky e Boucq.

As historias imaxinativas de Jodorowsky plasmadas en imaxes por Boucq, co que finaliza o ciclo de Cara de Lua. Os que pretenden vivir na luz odiando a seus irmáns atopanse aínda nas tebras. Para eles o sol tornarase negro. E Estrelaranse contra o chan como os frutos dunha figueira sacudida pola tormenta. Sign.: COM BOU car




“Gisaku” adaptación de Antonio Jesús Santamaría

Adaptación á banda deseñada do primeiro anime (película de debuxos tipo manga) feito en España. Un samurai debe protexer unha chave que pecha a porta do umbral do mundo para que non entren os demos da oscuridade. As paisaxes da historia son Barcelona, Sevilla, Santiago de Compostela, Bilbao e as Baleares. Inclúe un caderno final

onde se atopa información sobre a realización da película e dos autores dos deseños. Sign.: COM SAN gis

“Djinn 5. Africa” de Dufaux e Miralles

Como o título indica, abrese un novo fio narrativo que ten lugar no continente Africano. Djinn confundese nun entorno salvaxe e violento, que busca liberarse do home branco, cunha vella deusa africana. Sign.: COM DUF dji




“Mahoromatic. 8.” De Nakayama Bunjuro

Derradeiro episodio desta serie de ciencia ficción que narra a historia de Mahoro, un androide de batalla que ao rematar o seu servizo pide, que no tempo que lle queda antes da súa desconexión poder pasalo na Terra, onde entrará como serventa de Misato, estudante que viveu só desde a morte de seu pai. Manga cunha temática humorística, misturada coa romántica e a acción. Sign.: COM NAK mah 1-8




“Say hello to Black Jack, 11” de Syuho Sato

Tomo 11 da vida dun mozo novato que entra a traballar nun hospital, onde descubrirá o interior do servizo sanitario xaponés, ten que escoller entre o seu traballo ou os seus principios. Serie que influíu politicamente na sanidade xaponesa e deu lugar a unha serie televisiva. Sign.: COM SAT say 1-11




“Strangers in paradise 2” de Terry Moore

Novas historias de Katchoo e Francine, as protagonistas, dúas mozas con características ambiguas, coas súas frustracións e necesidades, esperanzas e traizóns, relacións e sentimentos. Deseño mistura de realismo e comico, en branco e negro. Sign.: COM MOO str 2




“El minúsculo mosquetero 1. La Academia de Bellas Artes”, de Joann Sfar

Unha nova serie do prolífico Sfar, un mosqueteiro que, a causa dunha beberaxe, se ve reducido a un tamaño minúsculo, e descubre un novo mundo de persoas dese tamaño, vendose obrigado para sobrevivir a traballar nunha Academia de Belas Artes posando como modelo e padecendo outras peripecias. Sign.: COM SFA min 1



“El ladrón de días”, de Clive Barker, diseño Gabriel Hernández

Adaptación en banda deseñada dunha novela do escritor de obras de terror, moitas delas plasmadas cinematográficamente, Clive Barker. A historia dun neno que aborrece e que se traslada a outro mundo onde vivirá aventuras trufadas de terrores infantís. O deseño de Gabriel Hernández contrasta entre o trato amabel das personaxes reais e o tono fantástico e as formas máis grotescas do mundo paralelo, destacan os tons de acuarela de toda a obra. Sign.: COM BAR lad




“Cat shit one, vol. 0” de Motofumi Kobayashi

Volume antecedente dos tres publicados con anterioridade e que narra dun xeito fantástico como o sarxento Perkins chega a Vietnam e a creación e primeiras misións do grupo de combate. Este volume ten un grande número de páxinas a toda cor. Sign.: COM KOB cat 0




“La Mazmorra crepúsculo, 104. El dojo de la laguna”, de Sfar, Trondheim e Kerascoët.

Marvin vermello e o Rei Pó, o dragón Marvin da serie da Mazmorra, parten nunha viaxe polo mundo desmembrado no que só é necesario esperar que cada parte pase perto e saltar sobre ela. Marvin atopará a súa muller e familia. Guión excelente moi ben plasmado por Kerascoët en imaxes. COM SFA doj



“Voodoo child” de Martin I. Green e Bill Sienkiewicz

Biografía de Jimi Hendrix, ilustrada maxistralmente por Sienkiewicz, cun grande cromatismo e diferentes tipos de construción das páxinas danlle o ambiente psicodélico que emparenta coa música de Hendrix e as súas experiencias coas drogas. COM GRE voo.



“The crow” de James O’Barr

Reedición da obra de Barr, de carácter gótizante, cunha mistura de acción, drama e vinganza con elementos sobrenaturais. Emprega diferentes estilos gráficos, alternando o realista con outro máis tosco e difuso para as escenas fantásticas. Esta edición ten engadidas páxinas inéditas e un novo deseño respecto ás edicións anteriores. Sign.: COM OBR cro.

